

REGULAMENTO DE DISTINCIÓNS E HONRAS
DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

TÍTULO PRELIMINAR

Exposición de motivos

A Excma. Deputación Provincial da Coruña dispoñía dun Regulamento de Honras e Distincións, aprobado por acordo da Corporación en Pleno o 27 de decembro de 1960, que serviu ata a data para o recoñecemento de personalidades e institucións ilustres.

O acordo de referencia foi aprobado polo Ministerio da Gobernación con data de 23 de decembro de 1960, polo que transcorridos mais de sesenta anos e coa finalidade de adaptarse ás novas necesidades e sensibilidade cidadá é necesario un novo regulamento, máis acorde coa sociedade actual e que recolla aspectos protocolarios que o anterior non reflectía.

Para levar á práctica o disposto no artigo 191 do vixente Regulamento de organización e funcionamento xurídico das entidades locais, é de todo punto necesario dispoñer dun regulamento que faga factible enxalzar e premiar, en forma honorífica, a persoas ou entidades que, polos seus actos ou servizos eminentes e de relevante mérito na orde provincial ou nacional, merezan que o recoñecemento e gratitude da Deputación se exteriorice e faga patente, para constancia imperecedoira, e dar pública satisfacción, mediante un prezado galardón ou nomeamento distintivo, que gradúe a honra en paridade coa excepcional conduta.

En relación á modificación do Regulamento, parécenos necesario realizala, concretándoa nos dous aspectos esenciais:

- De forma: as expresións teñen que adaptarse ás circunstancias actuais, xa que a maneira de expresarse noutros tempos era moi distinta á do momento que se vive na actualidade.
- De fondo: a superación de concepcións antigas que quizais non poidan ser valoradas hoxe de igual maneira. Isto moveunos a concretar o desenvolvemento dunha materia non contemplada no anterior como é a regulación de honras e distincións destinados a premiar especiais merecementos, calidades e circunstancias singulares que concorran nos galardoados, persoas físicas ou xurídicas con títulos non existentes pero cuxa inclusión se considere de interese, como e o suposto da:
- Medalla ao mérito.

TÍTULO I

SOBRE AS DISTINCIÓNS HONORÍFICAS

Capítulo I.- Dos Títulos, Honras e Condecoracións oficiais

Artigo 1º.- As mencións, felicitacións, homenaxes e demais actos de recoñecemento a favor de persoas ou institucións expresados por autoridades ou órganos provinciais e non regulados neste Regulamento, someteranse ás normas específicas ou xerais do procedemento; pero non terán o carácter de distinción honorífica da Deputación, que só será aplicable ás reguladas nos artigos seguintes.

Artigo 2º.- Todas as distincións ás que fai referencia este Regulamento teñen carácter exclusivamente honorífico sen que, por tanto, outorguen ningún dereito administrativo ou de carácter económico.

Capítulo II - As distincións honoríficas

Artigo 3º.- Ao obxecto de premiar merecementos excepcionais, servizos destacados, achegas singulares ao engrandecemento de España ou da provincia da Coruña ou traballos valiosos no ámbito cultural, científico, político, artístico, social, deportivo, económico, moral, etc., a Excm. Deputación Provincial da Coruña poderá conceder algunha das seguintes distincións:

1. Medalla de Ouro da provincia
2. Medalla ao Mérito da provincia
3. Fillo ou Filla Predilecta da provincia:
4. Fillo ou Filla Adoptiva da provincia
5. Nomeamento de Presidente/a Honorario/a da Deputación
6. Nomeamento de Deputado/a Honorario/a de la Deputación
7. Gravata de Honra da Provincia para bandeiras ou estandartes

Capítulo III – Normas para a concesión das distincións

Artigo 4º.- Coa excepción de membros da Familia Real, non poderán adoptarse acordos que outorguen honras e distincións a persoas que desempeñen altos cargos da Administración e respecto das cales se atope a Excm. Deputación Provincial da Coruña en relación subordinada de xerarquía, función ou servizo, en tanto subsistan estes motivos.

Artigo 5º.- Para que poida concederse calquera das Honras ou Distincións, fóra dos títulos de carácter excepcional, será indispensable a tramitación do oportuno expediente que permita xustificar as razóns do outorgamento.

Artigo 6º.- Corresponde a presidencia a presentación das propostas de outorgamento das diversas honras e distincións, xa sexa por iniciativa propia o pola iniciativa dun terzo dos membros da corporación.

A Presidencia acusará recibo da solicitude e decidirá sobre o seu arquivo ou tramitación. A partir do acuse de recibo e tendo en conta o principio de reserva do expediente que establece o artigo 8º, non se realizará outra notificación aos peticionarios, salvo as que se refiran á ampliación da memoria e datos aos que se refire o artigo seguinte. Notificaráselles, unicamente, o acordo definitivo de concesión cando sexa favorable, pero non terán a consideración de parte no expediente a outros efectos

Artigo 7º.- O escrito no que se solicite faranse constar os feitos, méritos e servizos nos que se funda a petición, a persoa a quen ha de outorgarse e a distinción que para a mesma se solicita.

A presidencia e a comisión correspondente practicarán cantas dilixencias adicionais estimen precisas para documentar a proposta .

Artigo 8º.- O expediente tramitarase de forma reservada e non se dará información nin se expedirán certificacións ata que se adoptara acordo en sentido positivo. No caso de que non chegase a aprobarse a proposta, evitarase calquera forma de publicidade nos mesmos termos establecidos para os acordos que afecten á intimidade das persoas físicas.

Artigo 9º.- Debatida e aceptada a proposta na Comisión Informativa correspondente, dispoñerase pola Presidencia a incoación do expediente ao fin indicado.

Artigo 10º.- Unha vez ditaminado o expediente, elevarase ao Pleno, para que a Corporación se pronuncie no sentido que estime oportuno, outorgando ou denegando a distinción.

Artigo 11º.- O acordo de concesión notificarase á persoa distinguida e aos peticionarios. A aceptación farase constar expresamente no expediente.

Artigo 12º.- Corresponderá á Presidencia executar o acordo e determinar as características da cerimonia que corresponda, segundo o tipo de distinción que se concedeu. En principio e salvo circunstancias especialísimas que serán apreciadas pola Presidencia, ao acto daráselle a debida publicidade.

Artigo 13º.- Os acordos de concesión das distincións honoríficas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Artigo 14º.- O expediente constará da seguinte documentación:

- Documentos xustificativos da iniciación.
- Información detallada dos méritos e circunstancias relacionadas coa persoa ou Entidade proposta para a distinción.
- Ditame da Comisión correspondente no que se propoña ou denegue a concesión honorífica proposta.

- Certificación do acordo do Pleno no que se aproba ou denega o ditame emitido pola Comisión correspondente.

Artigo 15º.- Revogación

1. A concesión das honras ou distincións a que o presente Regulamento se refire poderá ser revogada se con posterioridade á mesma os interesados realizan actos ou manifestacións que os fagan indignos da súa titularidade, ou de menosprezo aos méritos que no seu día foron causa do seu outorgamento.
2. Para a revogación será preciso observar, en todo caso, igual procedemento que o previsto para a súa concesión.

Capítulo IV.- A Medalla de Ouro da Provincia

Artigo 16º.- A Medalla de Ouro da Provincia constitúe o grao máximo das consideracións que pode outorgar a Corporación. Respondendo a esta singularidade haberá de reservarse a súa concesión a casos excepcionais, de méritos extraordinarios que concorran en personalidades, entidades ou corporacións nacionais ou estranxeiras, que polos seus destacados méritos e polos relevantes servizos prestados á Provincia, poidan considerarse pola Excm. Deputación Provincial da Coruña dignas por todos os conceptos desta distinción.

A Medalla de Ouro da Provincia será acuñada segundo modelo aprobado no Regulamento de Honras e Distincións, o 29 de agosto de 1963 (ANEXO II), e ostentará no centro do anverso, en relevo, o Escudo heráldico da Deputación orlado coa seguinte inscrición: “A Provincia da Coruña”; e no reverso gravado, o nome e apelidos do interesado e a data da súa concesión. Irá suxeito cun pasador de ouro a un cordón como da Medalla dos membros da Corporación Provincial.”

Será confeccionada en prata recuberta de ouro de 18 quilates.

Para garantir a futura identidade e características da mesma, utilizarase o troquel confeccionado a tal efecto, que está depositado na Sección de Relacións Públicas e Protocolo. (Anexos III e IV)

Artigo 17º.- Tramitado o expediente e redactada a proposta definitiva, se esta fose favorable, elevarase á Deputación en Pleno e a Corporación deberá pronunciarse na devandita sesión, sendo necesario para a súa aprobación o voto favorable da maioría absoluta dos seus membros (art. 47 LBRL).

Artigo 18º.- No solemne acto de outorgamento, en presenza da Corporación convocada para o efecto, entregaranse o Diploma e a medalla conforme ao modelo establecido para ese efecto.

Capítulo V.- Da Medalla ao Mérito

Artigo 19º.- Da “Medalla ao Mérito” fíxase unha soa categoría.

Artigo 20º.- O deseño da Medalla será idéntica á Medalla de Ouro de Provincia, utilizando neste caso a prata como material nobre para a súa confección.

Artigo 21º.- Para a súa concesión teranse en conta a traxectoria ou os actos singulares de especial transcendencia que desenvolvesen as persoas ou entidades propostas para a súa concesión nos ámbitos da cultura, a arte, o deporte, o medio ambiente, a acción social ou calquera outra análoga que redunde en beneficio da sociedade da provincia da Coruña, así como os servizos prestados á Deputación.

Artigo 22º.- Para a súa concesión será necesario o voto favorable da maioría simple dos membros presentes na sesión plenaria ou da Comisión Delegada do Pleno en que se acorde. A entrega efectuarase polo Presidente ou Presidenta ou membro da Corporación en quen delegue.

Capítulo VI.- Dos Títulos de Fillo/a Predilecto/a e de Fillo/a Adoptivo/a da provincia da Coruña

Artigo 23º.- O título de Fillo/a Predilecto/a da Coruña, só poderá recaer en quen nacese na provincia da Coruña, e que polas súas destacadas calidades persoais ou méritos sinalados e singularmente polos seus servizos en beneficio, mellora ou honra da provincia, alcanzasen o prestixio e consideración xeral.

Artigo 24º.- O nomeamento de Fillo/a Adoptivo/a, Predilecto/a poderá conferirse a favor de persoas que, sen nacer na Coruña, reúnan os méritos e circunstancias enumeradas no artigo 23 do presente regulamento.

Artigo 25º.- Tanto O título de Fillo/a Predilecto/a como o de Fillo/a Adoptivo/a, poderán ser concedidos como póstuma homenaxe ao falecemento de personalidades nas que concorreren os merecementos citados.

Artigo 26º.- O títulos de Fillo/a Predilecto/a u Adoptivo/a, será vitalicio.

Artigo 27º.- Tramitado o expediente e redactada a proposta definitiva, se esta fose favorable, elevarase á Deputación en Pleno e a Corporación deberá pronunciarse na devandita sesión, sendo necesario para a súa aprobación o voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Capítulo VII.- Do nomeamento de Membros Honorarios da Excma. Deputación Provincial da Coruña

Artigo 28º.- O nomeamento de Presidente/a ou Deputado/a Honorario/a da Deputación da Coruña, poderá ser outorgado por esta a personalidades, nacionais ou estranxeiros

como mostra da alta consideración que lle merecen distincións recibidas ou en correspondencia a outras análogas, de que fose obxecto a Corporación provincial.

Artigo 29º.- Tramitado o expediente e redactada a proposta definitiva, se esta fose favorable, elevarase á Deputación en Pleno e a Corporación deberá pronunciarse na devandita sesión, sendo necesario para a súa aprobación o voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Artigo 30º.- Os nomeamentos de Presidente/a ou Deputado/a honorario/a, poderán facerse con carácter vitalicio, ou por prazo limitado ou circunscrito tan só ao período que corresponda ao cargo que ocupe o designado, cando a designación fose acordada expresamente en atención ao devandito cargo.

Artigo 31º.- Os designados carecerán de facultades para intervir no Goberno provincial da Coruña, pero o Presidente ou Presidenta poderá encomendarlles funcións representativas que haxan de exercerse fora do ámbito provincial.

Artigo 32º.- A posesión dunha distinción provincial, dará dereito a quen a ostente, a ocupar o lugar preferente que sinale o protocolo nos actos organizados pola Deputación aos que sexan convidados.

Capítulo VIII.- Da Gravata de Honra da Provincia

Artigo 33º.- A Gravata de Honra da Provincia para bandeiras ou estandartes poderá concederse a institucións, corporacións ou agrupacións que realizen actos de transcendencia en beneficio da provincia da Coruña.

Artigo 34º.-

1. Dita Gravata será de seda, branca e azul, por metade, de seis centímetros de ancho e sesenta de longo co escudo da Provincia e a súa ornamentación gardará relación coa Entidade ou Corporación a quen se conceda. Na tea figurará a lenda en ouro “Ao mérito provincial. Excma. Deputación Provincial da Coruña”.
2. Imponse sobre a insignia, bandeira ou estandarte da entidade galardoada.

Capítulo IX.- Do Libro-Rexistro de Distincións Honoríficas

Artigo 35º.- As distincións deberán inscribirse nun libro-rexistro, que estará a cargo da persoa titular da Secretaría Xeral da Excma. Deputación Provincial da Coruña. O libro dividirase en seccións, unha para cada unha das recompensas honoríficas reguladas neste Regulamento.

Artigo 36º.- En cada unha das seccións consignarase por orde cronolóxica de concesión:

1. O nome da persoa agraciada
2. Acordo do Pleno polo que se acordou honrar á persoa ou entidade cunha distinción

3. Resumo dos méritos polos que se lle concede o premio
4. Data na que foi entregada a Distinción
5. Firma da persoa distinguida ou de quen ostente a representación da entidade no seu caso.

TÍTULO VII

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

PRIMEIRA.- Cantas personalidades ou entidades corporativas áchense actualmente en posesión dalgunha das distincións que son materia deste Regulamento, continuarán no goce das mesmas con todos os dereitos, honras e prerrogativas recoñecidas polos Regulamentos respectivos ou por anteriores acordos provinciais ditados en relación coas devanditas distincións, agás aquelas que contraviñesen o disposto na Lei 20/2022, de 19 de outubro, de Memoria Democrática, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura.

SEGUNDA.- As distincións cuxo expediente de concesión se instrúa no momento de entrada en vigor deste Regulamento, adaptaranse nas súas actuacións sucesivas ao establecido na presente normativa.

TÍTULO VIII

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Quedan derogadas calquera normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto no presente regulamento, e, en particular, as seguintes:


- Regulamento de Honras e Distincións, aprobado polo Pleno da Excma. Deputación Provincial da Coruña o 29 de agosto de 1960.

TÍTULO IX

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez sexa aprobado definitivamente, publicado integramente o seu texto no BOP e transcorrido o prazo de quince días hábiles previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

ANEXO II – REGULAMENTO HONRAS E DISTINCIÓNS APROBADO O 29 DE AGOSTO DE 1960 COAS ESPECIFICACIÓNS DO FORMATO DA MEDALLA DE OURO



REGLAMENTO DE HONORES Y DISTINCIONES DE LA
EXCMA. DIPUTACION PROVINCIAL DE LA CORUÑA

Exposición de Motivos

Por virtud de lo dispuesto en el artículo 303 del vigente Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Corporaciones Locales, éstas están facultadas para acordar la creación de Medallas, Emblemas, Condecoraciones u otros distintivos honoríficos, a fin de premiar especiales merecimientos, beneficios señalados o servicios extraordinarios. Y en el artículo 304 del mismo texto legal, se les faculta también para acordar nombramientos de Hijos Predilectos y Adoptivos y de miembros honorarios de la Corporación, atendidos los méritos, cualidades y circunstancias singulares que en los galardonados concurren, cuyos nombramientos serán aplicados con el mayor rigor en expediente que se instruya al efecto.

Para llevar a la práctica y darle vida a esas facultades que se dejan antes consignadas, es de todo punto necesario el disponer de un cauce reglamentario que haga factible el ensalzar y premiar, en forma honorífica, a personas o Entidades que, por sus actos o servicios eminentes y de relevante mérito en el orden provincial o nacional, merezcan que el reconocimiento y gratitud de la Diputación se exteriorice y haga patente, para constancia imperecedera, y dar pública satisfacción, mediante un preciado galardón, nombramiento o distintivo, que gradúe el honor en pureza con la excepcional conducta.

Desde otro punto de vista, correspondiéndole a la Diputación el velar por el fomento de los intereses morales y materiales de la Provincia de La Coruña, ha de estimular el desarrollo de las manifestaciones de carácter espiritual, artísticas, científicas, políticas o económicas; le corresponde también la exaltación de los valores provinciales o nacionales y procurará destacar las acciones altruistas, ejemplares o heroicas, de especial relevancia en el orden cívico, social o religioso.

Cualquier orden de actividades inspiradas en el amor a la Provincia de La Coruña o a España, podrá elevar o destacar la personalidad de hombre o organismos beneméritos merecedores de la gratitud colectiva por sus obras singulares y por ello dignos de una recompensa que proclame la honrosa conquista de hacerse acreedor a ostentar altas y codiciadas distinciones de la Provincia.

Con el fin de que cada concesión se ajuste al grado del merecimiento que se trata de premiar es imprescindible que entre gradación de honores conferibles por la Diputación se ofrezca la indispensable elasticidad. Y es que las recompensas han de brindar una escala que permita la lógica diferenciación de las circunstancias concurrentes en los expedientes de concesión.

Además de la designación de Hijos Predilecto y Adoptivo, y de la creación de la Medalla de la Provincia, en sus dos categorías de Oro y Plata, debe también implantarse la Corbata de la Provincia para condecorar estandaristas, banderas o símbolos análogos de Ayuntamientos de esta Provincia, o de Entidades o Instituciones dignas de este preciado galardón. Con lo que quedará completada la escala de recompensas a que antes se aludía.

Estimando necesario la reglamentación de los honores y distinciones a conceder por la Diputación, la Comisión

de Protocolo y Ceremonial, previo el correspondiente estudio y asesoramiento del Conservador y Asesor Artístico de esta Corporación, formula el presente anteproyecto de Reglamento, para investir de eficiencia jurídica, a tenor de la legislación vigente, el propósito que anima a la Corporación Provincial.

Es de señalar que los requisitos y trámites que para la concesión de honores y distinciones que se determinan en el artículo 305 del ya citado Reglamento son:

A).—Redacción de Reglamento especial y sujeción del proyecto a información pública durante el plazo de un mes.

B).—Aprobación del proyecto por las dos terceras partes del número de hecho, y, en todo caso, de la mayoría absoluta legal de miembros de la Corporación.

C).—Autorización del Ministerio de la Gobernación, al que se remitirán dos ejemplares para que devuelva uno de ellos con la pertinente diligencia, en su caso, de aprobación.

Todo lo que antecede explica y justifica el modo de regular la concesión de honores y distinciones de la Provincia en el siguiente:

REGLAMENTO DE HONORES Y DISTINCIONES

Capítulo primero

Normas generales

ARTÍCULO 1.º—Al objeto de premiar merecimientos extraordinarios y excepcionales, servicios destacados, trabajos valiosos en cualquiera de los aspectos patriótico,

cultural, científico, religioso, político, artístico, social, económico, moral o material o aportaciones singulares en orden al engrandecimiento de España o de la Provincia de La Coruña, la Excm. Diputación Provincial, podrá conferir alguna de las siguientes recompensas honoríficas:

1.ª—Nombramiento de Hijo Predilecto o Adoptivo de la Provincia de La Coruña.

2.ª—Medalla de Oro de la Provincia.

3.ª—Medalla de Plata de la Provincia.

4.ª—Nombramiento de Presidente Honorario de la Diputación.

5.ª—Nombramiento de Diputado Honorario de la Diputación.

6.ª—Corbata de Honor de la Provincia para banderas o estandartes.

ARTÍCULO 2.º Con la sola excepción del Jefe del Estado, no podrán otorgarse honores o distinciones a personas que desempeñan altos cargos de la Administración, y respecto de las cuales se encuentre la Diputación de La Coruña en relación subordinada de jerarquía, función o servicio, en tanto subsistan estos motivos.

Capítulo II

Clases de recompensas

ARTÍCULO 3.º El nombramiento de Hijo Predilecto sólo podrá recaer en personas nacidas en la Provincia de La Coruña.

El nombramiento de Hijo Adoptivo podrá conferirse a favor de personas que no hayan nacido en la Provincia de La Coruña, cualquiera que sea su naturaleza de origen.

ARTÍCULO 4.º Por constituir los nombramientos se-

ñalados en el artículo anterior, el honor máximo de ambos puede otorgar la Diputación, su concesión requerirá circunstancias de tan acentuada excepción, que sólo se atenderán cuando así lo reclamen verdaderos imperativos de justicia colectiva y no pueda estimarse la Medalla de Oro como suficiente distinción para los merecimientos concurrentes en el galardonado.

ARTÍCULO 5.º—Los títulos de Hijo Predilecto o Adoptivo, serán vitalicios y ambos llevan aparejado el de Diputado Honorario, no pudiendo otorgarse nuevos nombramientos mientras vivan ocho personas que los posean; es decir, que el número máximo de Hijos Predilectos será de cuatro y lo mismo el de Hijos Adoptivos.

ARTÍCULO 6.º—La Medalla de la Provincia es una distinción honorífica destinada a premiar los merecimientos revelantes contruidos por actos destacados que redunden en beneficio moral o material de la Patria, de la Provincia de La Coruña, o de los Establecimientos que de la Excm. Diputación Provincial dependen.

Esta distinción comprende las categorías que se mencionan en el artículo primero, tendrán todas el mismo formato, diferenciándose tan sólo en el metal de su confección. Serán acuñadas según modelo aprobado y asentará en el centro del anverso, en relieve y con incrustaciones de esmalte fino, el Escudo heráldico de la Diputación orlado con la siguiente inscripción: «La Provincia de la Coruña»; y en el reverso grabado, el nombre y apellidos del interesado y la fecha de su concesión. Irá sujeto con un pasador de oro a un cordón como el de la Medalla de los miembros de la Corporación Provincial. El valor de la Medalla, cualquiera que sea su categoría, lo abonará la Diputación, salvo que fuese costeadá por otras personas o Entidades.

ARTICULO 7.º—En cuanto a la Medalla de Oro no podrá exceder de seis el número de las concedidas por la Diputación para su disfrute simultáneo y sólo cuando alguno de los poseedores fallezca, será posible cubrir la vacante.

La Medalla de Plata podrá honrar a la vez hasta quince personas y para concesiones posteriores, será de aplicación lo que previene el párrafo anterior.

ARTICULO 8.º—Las personas condecoradas podrán colocarse el distintivo en cualquier acto público a que asista el agraciado, en su propia forma y reducidos a minúscula para el uso diario y extraoficial.

Los Hijos Predilectos o Adoptivos y los investidos de la Medalla de Oro, gozarán de representación personal, por derecho propio, y en lugar inmediato a la Corporación, en los actos oficiales y en las solemnidades que la Diputación organice.

ARTICULO 9.º—Los nombramientos de Presidente o Diputado Honorario de la Diputación, se concederá a perpetuidad.

Los nombrados ejercerán de facultades para intervenir en el Gobierno o administración de la Provincia, pero el Presidente efectivo podrá revestirlos de funciones representativas, cuando éstas hayan de ejercerse fuera de la demarcación territorial de esta Provincia.

Podrá conferirse a extranjeros la distinción regulada en este artículo, previa siempre la oportuna autorización del Ministerio de la Gobernación.

ARTICULO 10.º—La Corbata de Honor de la Provincia servirá para distinguir a los Ayuntamientos, Entidades o Instituciones que lleguen a merecer este honor, quienes podrán disfrutarla a perpetuidad.

Expediente de concesión

ARTICULO 11.º—Para que pueda concederse cualquiera de los honores o distinciones, es indispensable la tramitación del oportuno expediente que permita justificar las razones del otorgamiento.

ARTICULO 12.º—La incoación del expediente se hará por acuerdo previo de la Diputación, adoptado en votación secreta y por papeletas que solo consignen las palabras «SÍ» y «NO».

Podrá disminuir la iniciativa de propuesta suscrita cuando menos, por tres miembros de la Corporación.

ARTICULO 13.º—Corresponderá a la Comisión de Protocolo y Ceremonial instruir y tramitar el expediente de justificación de méritos y circunstancias, incluyendo cuantas pruebas, informaciones y diligencias se necesiten para que los servicios, actuaciones o hechos, consten fehacientemente.

ARTICULO 14.º—La Comisión podrá interesar el dictamen y asesoramiento de otras personas, entidades, organismos o corporaciones, a fin de completar cuantos elementos de juicio requiera el expediente.

Cuando algún informe, dato, opinión o consejo se emita con carácter reservado, aquella guardará secreto e impedirá cualquier divulgación e indiscreción.

ARTICULO 15.º—Ultimado el expediente, dictaminará la Comisión inspirada en severo criterio y basada en el valor cierto de los méritos plenamente justificados y propondrá la concesión o denegación del privilegio, pasando dicho dictamen a la Comisión de Gobierno de la Corporación como trámite previo a la elevación del expediente al Pleno de la misma.

En caso afirmativo, la razonada propuesta indicará la clase de galardón que debe concederse.

ARTICULO 16.º La Diputación, a la vista del expediente y de los dictámenes a que se refiere el anterior artículo, adoptará acuerdo definitivo, en votación secreta y por el quórum de votación establecido en el artículo 303 de la vigente Ley de Régimen Local.

La votación se hará empleando bolas blancas y negras o en forma de papeletas, estando prohibida la abstención. Si, no obstante se produjeran papeletas en blanco, se computarán como votos favorables.

INSCRIPCION DE DISTINCIONES

ARTICULO 17.º La concesión de cada honor se publicará en el Boletín Oficial de la Provincia, y se inscribirá en el Libro de Oro de la Provincia de La Coruña, destinado al efecto. El Libro de Oro tendrá varios capítulos bajo los epígrafes siguientes:

- a).— Para la inscripción de los nombramientos de Hijos Predilectos y Adoptivos.
- b).— Para la inscripción de las concesiones de Medalla de Oro y Plata.
- c).— Para la inscripción de las concesiones de la Corbata de Honor.
- d).— Para la inscripción de nombramientos de Presidente y Diputados de Honor.
- e).— Para firma de visitantes ilustres.

ARTICULO 18.º—Cada nombramiento o distintivo se entregará e impondrá por el Excmo. Sr. Presidente, en acto solemnisimo, en el Salón de sesiones del Palacio Provincial, al que asistirá la Diputación en Pleno, y, cuando la trascendencia del galardón lo requiera, las Autoridades

y representaciones que al efecto sean invitadas. En casos especiales, y previo acuerdo de la Corporación, podrá imponerse fuera del Palacio Provincial, por la representación corporativa que al efecto se designe.

ARTICULO 19.º—Con el emblema o distintivo, se entregará al galardonado una credencial, en pergamino, en que conste sus nombres y apellidos, resumen de los hechos, méritos o servicios que le han conducido a obtener la recompensa y breve reseña del acuerdo de concesión.

A los Hijos Predilectos y Adoptivos se hará entrega de una placa en metal noble en la que constará su nombramiento, y en la cual figurará necesariamente el Escudo heráldico de la Provincia.

ARTICULO 20.º—La Corbata de Honor será impuesta a la Bandera o Estandarte del Organismo o Corporación que la simbolice. Dicha Corbata será de seda, blanca y azul, por mitad, con el emblema de la Provincia de La Coruña y su ornamentación guardará relación con la Entidad o Corporación a quien se concede.

DISPOSICION TRANSITORIA.— Se mantendrá a extinguir, y fuera de número, los actuales nombramientos de Hijos Predilectos o Adoptivos otorgados hasta la fecha.

Aprobado este Reglamento por acuerdo de la Excmo. Diputación Provincial, del 29 de agosto de 1960.

DILIGENCIA.— Para hacer constar que el Excmo. Sr. Ministro de la Gobernación y por Orden fecha 28 de diciembre de 1960, ha aprobado el presente Reglamento de Honores y Distinciones de la Diputación Provincial de La Coruña.

Madrid, 28 de diciembre de 1960.

EL JEFE ACTUAL

DE LA SECCION SEGUNDA DE ADMINISTRACION LOCAL.

A. CORTIÑUELOS GARCIA

Diputación Provincial.— Sesión del 21 de diciembre de 1960

Quedar enterado:

EL SECRETARIO,

ROMÁN PIÑERO

ANEXO III - ACORDO DA PETIÇÃO DE ORZAMENTOS DESTINADOS Á ADQUISICIÓN DUN TROQUEL PARA ACUÑAR A MEDALLA DE OURO – TROQUEL DEPOSITADO NA SECCIÓN DE RELACIÓNS PÚBLICAS E PROTOCOLO

Excmo. Diputacion Provincial

Acta de la reunión de la Comisión de Protocolo y Ceremonial
celebrada el 21 de Diciembre de 1.963

En el despacho de Secretaria del Palacio Provincial, a las doce horas del día veintiuno de Diciembre de mil novecientos sesenta y tres se ha reunido la Comisión de Protocolo y Ceremonial al objeto de dictaminar asuntos de su competencia. Asiste el Secretario w/ Oficial Mayor de la Diputación D. Jesus Rodrigo Garcia. Preside D. Jose Villar cabo y concurre D. Miguel Pazos Sobradelo, hallandose tambien presente el Secretario General D. Luis de Hermosa y Zalvidea.


A continuacion se emitieron los siguientes dictámenes:

Visto el dictamen de la Comisión de Gobierno de 7 de Diciembre actual, para que esta Comisión proponga lo concerniente en orden a la confeccion y entrega de la medalla de Oro de la Provincia al Ilmo. Sr. D. Enrique Salgado Torres; se estima que procede que se realicen, con la maxima urgencia y sucesivamente, los siguientes tramites: 1º Toda vez que existe nuevo escudo Provincial, que por el Conservador Artístico, se confeccione un diseño, con el numero de copias que sea posible para distribuir las entre diversos orfebres; en cuyo diseño se sequira en lo posible el actual forma to. 2º Una vez confeccionados dichos diseños, se interesara de diversas casas comerciales presupuesto y caracteristicas; cuyo presupuesto incluire la confeccion y entrega a la Diputacion de un troquel que sera el que se emplee para futuras medallas, para garantizar la futura identidad de caracteristicas.

Atendida la actual situacion economica de la Diputacion, demorar hasta el estudio del presupuesto para 1.965 -Septiembre de 1.964- el estudio de dos propuestas del Secretario General: una para que se dote a la Corporacion de un pendon o estandarte a fines representativos y otra para que se incluya en Presupuesto una partida para la uniformidad de la Corporacion.

Que se interese de las Casas Comerciales Amor y Malde de La Coruña, H. Cornejo y Villanueva(1) de Madrid, presupuesto para la confeccion de unas mazas para los maceros, en base a los diseños y memoria descriptiva confeccionados por el Conservador Artístico

Y se levanto la sesion a las doce horas y quince minutos.



(1) .. y Laiseca, Carrera San Jerónimo, 11.- MADRID.- 14

**ANEXO IV – CROQUIS MEDALLA DE OURO - ORIXINAL DEPOSITADO NA SECCIÓN DE
RELACIÓNS PÚBLICAS E PROTOCOLO**



MEDALLA DE ORO DE LA PROVINCIA

OCTUBRE de 2012

Escala 1:100